

# 1º Maio



## Polo emprego, non ás reformas do capital

# Defendamos os nosos dereitos

Afrontamos a celebración deste 1º de maio de 2011, cuns niveis de desemprego moi preocupantes (240.000 des-empregados na Galiza), como consecuencia da crise económica e das políticas de recorte do investimento público levadas a diante polo goberno español e polo goberno galego. A esta situación hai que engadirle o preocupante panorama, de presente e de futuro, para a clase traballadora, derivado das políticas antisociais do goberno que se concretan nas reforma laboral e na reforma da pensións, así como no recorte do gasto social e a privatizacións de empresas e servizos públicos.

**N**UN aspecto económico máis global, vemos como pouco a pouco, a banca, os fondos de investimento, coa inestimábel colaboración das axencias de calificación do risco, a base de especular coa débeda pública están a xerar unha enorme burbulla que está levando a moitos Estados a unha situación límite, provocando a intervención e o “rescate” (un novo préstamo, máis débeda) dos mesmos, por parte da UE e o FMI . Primeiro Grecia, despois Islandia e Irlanda e agora tócalle a quenda a Portugal. Quen será o seguinte?.

Estamos ante un roubo masivo á poboación, por parte da banca, co apoio do goberno, do PSOE e do PP, e a necesaria colaboración das centrais sindicais estatais. A banca recibe os cartos do Banco Central Europeo ao 1%, compra débeda pública ao 5, 6, 7%, ou ao que lle da a gaña, opten polo tanto unha marxes de beneficio espectaculares, leva aos Estados a unha situación límite e despois a mesma

banca presiona aos Estados para que soliciten á UE e o FMI o “rescate”, é dicir, un préstamo que garanta que van poder pagar as débedas que teñen contraídas coa banca, especialmente a alemana e francesa. E dicir, un negocio redondo.

Para evitar caer nesta situación límite, a UE, o BCE, o FMI, é dicir, os portavoces da oligarquía financeira, esixen aos Estados novas reformas, novos recortes do gasto social, novas privatizacións. **MÁIS E MÁIS E MÁIS NEGOCIO E BENEFICIOS PARA A BANCA E AS GRANDES EMPRESAS MULTINACIONAIS**, á conta de recortar salarios, deteriorar os servizos públicos, precarizar as condicións de traballo, provocar desemprego, debilitar á clase traballadora.

Os que provocaron a crise financeira i económica, son os mesmos que especulan coa débeda pública, que presionan aos gobernos para que leven adiante todas cantas reformas lle interesan ou para que soliciten o “rescate” a UE, son os mesmos que en plena crise

**Día internacional  
da clase traballadora**



Confederación Intersindical Galega  
[www.galizacig.com](http://www.galizacig.com)

económica seguen tendo miles de millóns de euros de beneficio (máis de 46.000M€ no 2010), e son os mesmos que se reúnen co presidente do Goberno, o sr. Zapatero, para esixirle contas e porlle novos deberes.

Despois da reforma laboral e a das pensións, agora CEOE, CCOO, UGT, están a cociñar a reforma da negociación colectiva, outra esixencia dos “mercados”, que ten como finalidade centralizala, apartala do control da clase traballadora, provocar máis división entre empresas e traballadores a hora de negociar as súas condicións de traballo, en definitiva

debilitar a negociación colectiva como ferramenta de presión na man dos traballadores e traballadoras.

O capital financeiro, a través dos gobernos e institucións financeiras diversas, vai aproveitar a crise económica, e a nosa debilidade, para impor todas aquelas reformas e recortes de dereitos que sexan beneficiosos para os seus intereses. Compre pois, que sigamos adiante coa mobilización, coa contestación social e coa esixencia de políticas estruturais que senten as bases dun novo modelo económico e social favorábel ao intereses da clase traballadora.

## Por un posto de traballo. Por pensións dignas Polo dereito a decidir as nosas condicións laborais e sociais Contra as reformas do capital. Por un novo modelo económico e social

### Participa coa CIG nas manifestacións do 1º de maio

Comarca:	Hora:	Saida dende
Vigo .....	ás 12,00 h.....	Cruce da Doblada
Coruña .....	ás 12,00 h.....	Praza de Vigo
Pontevedra .....	ás 11,30 h.....	Praza da Ferrería
Ferrol .....	ás 12,00 h.....	Avda. de Esteiro (local da CIG)
Santiago .....	ás 12,00 h.....	Praza Roxa
Lugo .....	ás 12,30 h.....	Ronda da Muralla (edificio sindical)
Ourense .....	ás 12,00 h.....	Pavillón dos Remedios
Viveiro .....	ás 12,00 h.....	Praza de Lugo
As Rias .....	ás 12,00 h.....	Praza do Peixe

**1º**  
**1º de maio**

**Día internacional da  
clase traballadora**

**CIG**

Confederación Intersindical Galega

[www.galizacig.com](http://www.galizacig.com)